

RESOLUCIÓN DE MODIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA EN SITUACIÓNS DE DIFICULTADES ECONÓMICAS CURSO 2019/2020

No día 27 de setembro de 2019 publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC a convocatoria de axudas para o estudiantado da UDC en situación de dificultades económicas para o curso 2019/2020.

A convocatoria establece que a presentación de solicitudes poderá realizarse até o día 30 de abril de 2020, prevendo dúas reunións comisión de selección para o ditado de senllas resolución de concesión de axudas nos meses de marzo e maio de 2020.

Porén, a suspensión dos prazos e termos administrativos disposta na Disposición Adicional 3ª do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que declara o estado de alarma para xestionar a crise sanitaria provocada pola COVID-19 (disposición mantida en vigor polos sucesivos decretos de prórroga), afectou tamén aos prazos fixados na convocatoria facendo imposible, de se recomenzar o cómputo destes prazos desde o levantamento da suspensión, que estas axudas produzan efectos prácticos dentro do curso 2019-2020.

É por iso que, ao fin de axilizar a concesión destas axudas

RESOLVO

1. Admitir a trámite todas as solicitudes presentadas desde o día 14 de marzo de 2020.
2. Modificar a resolución de convocatoria das axudas fixando como data límite para a presentación de solicitudes o día 1 de xuño de 2020 e que a comisión de valoración se reúna antes do día 15 dese mes.

A Coruña, 21 de maio de 2020

Julio Abalde Alonso
reitor

Código Seguro De Verificación	745mMwVSwpIFQdpz03I2w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	21/05/2020 13:23:33
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/745mMwVSwpIFQdpz03I2w==		

